



OBSERVATÓRIO PARA A DEFENSA DOS DIREITOS E LIBERDADES

Sr. Presidente da Real Academia Galega  
D. Xosé Luís Méndez Ferrín

Prezado Sr. Presidente:

Temo-lo por sabedor de que EsCULcA é unha Asociación galega dedicada a traballar polo pleno respecto e manutención dos dereitos e liberdades públicas recoñecidos na Constitución e nos Tratados Internacionais. E de que nese ámbito da nosa actuación acompañamos o facer dos poderes e das institucións públicas, interpelando-as libre e seriamente, cando o estimamos pertinente e oportuno.

Tal é o caso do que ven acontecendo ano após ano na reprodución da oferenda ao apóstolo Santiago que se leva a cabo na data do 25 de Xullo na Catedral compostelá.

Sempre concorren no templo, nesta cerimonia estritamente litúrxica da confesión católica, unha chea de cargos públicos, cargos propia e exclusivamente civís. Con a súa presenza e participación nesa cualidade converten o acto relixioso nun acto público institucional; e ao mesmo tempo perverten a institución pública que representan. Non por ser unha arrogación xa tradicional que se fan, como se fosen "amos" do seu cargo e de nós, deixa de ser unha impostura anticonstitucional e contraria à aconfesionalidade do Estado, e mesmo esperpéntica. Por canto as institucións civís do Estado e das Comunidades Autónomas están mais especificamente submetidas à observancia da Constitución e da Lei, e son devedoras e responsáveis do seu cumprimento, diante dos cidadáns.

Como ben sabe V. , o Estado español é aconfesional: "nengunha confesión terá carácter estatal". A aconfesionalidade implica "un principio de neutralidade dos poderes públicos en materia relixiosa", así como das súas institucións; principio que veda "calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e civís". Deste punto de vista, a neutralidade do Estado obriga o cargo público a prohibirse a si propio calquer concorrência, xunto con os cidadáns, en cualidade de suxeito de actos ou actividades de signo relixioso. Así consta na Constitución e así o declara o Tribunal Constitucional, garante final dos dereitos e liberdades públicas; entre eles, do dereito de liberdade relixiosa, e da aconfesionalidade do Estado.

Estas breves consideracións levan-nos a pedir-lle que non faga presente o seu cargo no acto relixioso de que falamos, xa iminente. Lugar ten V., e ben axeitado, merecido e sobranceiro, nos espazos públicos do civil. E razóns mais do que abundantes para explica-lo à cidadanía galega.

Atenta e amistosamente,

Fernando Martínez Randulfe  
Presidente de EsCULcA

Sr. Presidente da Real Academia Galega  
D. Xosé Luís Méndez Ferrín

Prezado Sr. Presidente:

Temo-lo por sabedor de que EsCULcA é unha Asociación galega dedicada a traballar polo pleno respecto e manutención dos dereitos e liberdades públicas recoñecidos na Constitución e nos Tratados Internacionais. E de que nese ámbito da nosa actuación acompañamos o facer dos poderes e das institucións públicas, interpelando-as libre e seriamente, cando o estimamos pertinente e oportuno.

Tal é o caso do que ven acontecendo ano após ano na reprodución da oferenda ao apóstolo Santiago que se leva a cabo na data do 25 de Xullo na Catedral compostelá.

Sempre concorren no templo, nesta cerimonia estritamente litúrxica da confesión católica, unha chea de cargos públicos, cargos propia e exclusivamente civís. Con a súa presenza e participación nesa cualidade converten o acto relixioso nun acto público institucional; e ao mesmo tempo perverten a institución pública que representan. Non por ser unha arrogación xa tradicional que se fan, como se fosen "amos" do seu cargo e de nós, deixa de ser unha impostura anticonstitucional e contraria à aconfesionalidade do Estado, e mesmo esperpéntica. Por canto as institucións civís do Estado e das Comunidades Autónomas están mais especificamente submetidas à observancia da Constitución e da Lei, e son devedoras e responsábeis do seu cumprimento, diante dos cidadáns.

Como ben sabe V. , o Estado español é aconfesional: "ningunha confesión terá carácter estatal". A aconfesionalidade implica "un principio de neutralidade dos poderes públicos en materia relixiosa", así como das súas institucións; principio que veda "calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e civís". Deste punto de vista, a neutralidade do Estado obriga o cargo público a prohibirse a si propio calquer concorrência, xunto con os cidadáns, en cualidade de suxeito de actos ou actividades de signo relixioso. Así consta na Constitución e así o declara o Tribunal Constitucional, garante final dos dereitos e liberdades públicas; entre eles, do dereito de liberdade relixiosa, e da aconfesionalidade do Estado.

Estas breves consideracións levan-nos a pedir-lle que non faga presente o seu cargo no acto relixioso de que falamos, xa iminente. Lugar ten V., e ben axeitado, merecido e sobranceiro, nos espazos públicos do civil. E razóns mais do que abundantes para explica-lo à cidadanía galega.

Atenta e amistosamente,

Fernando Martínez Randulfe  
Presidente de EsCULcA